

No Diario Oficial de Galicia do xoves. 1 de Setembro de 2.005, figuran os 21 alumnos e alumnas ós que lles foron concedidos os " **PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO** ", correspondentes ó curso académico 2.004-2.005.

O I.E.S. Ramón Cabanillas de Cambados figura nesa relación con dúas alumnas, o que constitúe todo un honor para o noso Centro.

As alumnas LAURA FRANCISCO GONZÁLEZ e ENMA VÁZQUEZ COSTA foron as que acadaron este premio que conleva -ademais do enorme prestixio académico- unha dotación económica de 600 €.

Xa no mes de Xullo, xunto con outros dous compañeiros lles foi entregado polo Rectorado da Universidade de Santiago, un Diploma por obter uns dos mellores expedientes académicos de Galicia.

LAURA FRANCISCO GONZÁLEZ pretende facer a carreira de Medicina e xa obtivera unha nota de 9,36, fruto da media entre as notas do Bacharelato e a Selectividade. A ete mérito ven a sumarse o feito de estar entre os 21 mellores estudantes da nosa Comunidade.

Pola súa banda, ENMA VÁZQUEZ COSTA, que contaba cunha media de 9,16 ten previsto facer Publicidade e Relacións Públicas en Pontevedra.

Para acadar este premio tiveron que facer fronte a un exame no que esixían de entrada unha media de 8,75 puntos obtidos nos dous cursos do Bacharelato. A proba estaba dividida en dúas partes a realizar cada unha nun tempo máximo de dúas horas:

1ª parte: *a) Análise e comentario crítico dun texto sobre un tema de carácter xeral, histórico, filosófico ou literario. b) Resposta a cuestións de carácter cultural ou lingüístico sobre un texto en lingua estranxeira.*

2ª parte: *Desenvolvemento de temas, resposta a cuestións e/ou exercicios prácticos das dúas materias cursadas polo alumno/a segundo unhas determinadas opcións.*

*Para aspirar ó "Premio Extraordinario" o alumnado debería obter en cada exercicio, polo menos, cinco puntos e unha cualificación total de 28 puntos ou mais.*

Desde o noso Centro queremos facer chegar a estas dúas alumnas e ós seus familiares a felicitación da toda a Comunidade Escolar do I.E.S. Ramón Cabanillas.

INFORMACIÓN FACILITADA POR JOSÉ ALEJANDRO GARCÍA FARIÑA, XEFE DE ESTUDIOS DO I.E.S. RAMÓN CABANILLAS